

## CONCRECIÓN CURRICULAR

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27002249	CPI Plurilingüe de Castroverde	Castroverde	2022/2023

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	14
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	15
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	15
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	16
o) Outros apartados	16

### **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

#### EDUCACIÓN INFANTIL, OBXECTIVOS ADECUADOS AO CPI PLURILINGÜE DE CASTROVERDE

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social aproveitando os recursos vencellados ao patrimonio cultural material e inmaterial que nos ofrece o concello de Castroverde.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas tendo en conta a realidade e singularidades que conforman a comunidade educativa do noso centro.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas, facendo fincapé nos persoeiros salientables do noso concello.

#### EDUCACIÓN PRIMARIA, OBXECTIVOS ADECUADOS AO CPI PLURILINGÜE DE CASTROVERDE

Os obxectivos de educación primaria adaptados ao contexto do centro son os seguintes:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. Fomentar a integración cultural e a inclusión de todo o alumnado.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de autoconfianza, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan. Fomentar estilos de comunicación non violenta.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura e escritura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía,

a historia e a cultura aproveitando o patrimonio cultural do entorno.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social, así como o da alimentación aproveitando os recursos do seu entorno tanto no ámbito educativo como familiar.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado. Conscienciarse contra o maltrato animal.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo (país de procedencia, relixión, nivel económico, tipo de familia, ...) e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. Poñer en valor o medio rural.

#### EDUCACIÓN SECUNDARIA, OBXECTIVOS ADECUADOS AO CPI PLURILINGÜE DE CASTROVERDE

Os obxectivos da educación secundaria son os seguintes:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dun entorno cada vez máis plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo, relixión, etnia, discapacidade ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, xenófobos ou de calquera outro tipo e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia. Contrastar a información seguindo criterios da

ciencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a autoconfianza, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. Valorar as bibliotecas como centros de dinamización cultural.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras (inglés e/ou francés) de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, comenzando pola propia historia e patrimonio da zona.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. Aplicar eses coñecementos ao patrimonio da contorna.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia e Castroverde, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. Poñer en valor o uso e transmisión do galego na zona.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

A cualificación de cada competencia no CPI Plurilingüe de Castroverde obtense facendo a media das cualificacións das materias directamente relacionadas con cada competencia. Esa cualificación precísase por parte do conxunto do equipo docente na propia sesión de avaliación tendo en conta a totalidade da información dispoñible sobre o nivel de desenvolvemento de cada competencia de cada alumno ou alumna. En educación primaria a persoa titora cualificará as competencias do seu alumnado. En educación secundaria a cualificación resultante en cada competencia decídese por acordo do equipo docente na sesión de avaliación.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

En todas as programacións didácticas se fará referencia aos elementos transversais. A continuación especificanse os criterios para cada etapa educativa das que se imparten no CPI Plurilingüe de Castroverde.

#### **EDUCACIÓN INFANTIL**

Os elementos transversais na educación infantil son os seguintes:

Nos dous ciclos desta etapa abordaranse progresivamente o desenvolvemento afectivo, a xestión emocional, os hábitos de movemento e control corporal, as manifestacións da comunicación e da linguaxe, e as pautas básicas de convivencia e relacións sociais, así como o descubrimento do medio, dos seres vivos que habitan nel e das características físicas e sociais do medio no que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos pola lei. Tamén se incluírá a educación en valores.

Así mesmo, incluírase a educación para o consumo responsable e sostible, así como a promoción e educación para a saúde que fomente hábitos saudables.

Así mesmo, fomentárase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e desenvolvan unha imaxe positiva, equilibrada e igualitaria de si mesmos, libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

Criterio para incorporalos: traballarase desde a totalidade das actividades lectivas, das actividades complementarias e tamén desde o comedor escolar e o tempo de lecer.

#### **EDUCACIÓN PRIMARIA**

Os elementos transversais en educación primaria e os criterios para incorporalos son os seguintes:

- Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns dos ámbitos da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, o espírito científico e o espírito emprendedor traballarase en todos os ámbitos. Criterio: traballarase en todas as materias.

- Do mesmo xeito, promoverase desde todos os ámbitos a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluso afectivo-sexual. Criterio: aplicar o establecido no plan de igualdade do CPI Plurilingüe de Castroverde, educar sobre os ODS e realizar actividades para a educación para a saúde.

- Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores. Criterio: Desde as titorías, coordinadas polo departamento de orientación traballarase a educación en valores.

- Do mesmo xeito, promoverase o coñecemento da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento a calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto ao Estado de Dereito. Criterio: aplicar a prevención e resolución pacífica de conflitos con toda a comunidade educativa e favorecer a inclusión.

3. Evitaranse as condutas, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminacións por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e non sexista nos termos legalmente establecidos. Criterio: aplicar o establecido no plan de igualdade do CPI Plurilingüe de Castroverde.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan fortalecer o seu espírito emprendedor e a súa iniciativa empresarial a partir de competencias como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza e a súa iniciativa empresarial. Criterio: desenvolverase a través dos proxectos que se organicen e das actividades complementarias

#### **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

Os elementos transversais na ESO e os criterios para incorporalos son os seguintes:

1. Independentemente do seu tratamento específico nalgúns das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. traballarase en todas as materias. Criterio: traballarase en todas as materias.

2. En todo caso, a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a formación afectivo-sexual, estética, a sensibilización e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Criterio: incorporar cada día no enfoque das actividades lectivas e non lectivas e realización de actividades complementarias.

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como valores que apoian a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo

político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento a calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto ao Estado de Dereito. Criterio: aplicar a prevención e resolución pacífica de conflitos con toda a comunidade educativa e favorecer a inclusión.

4. Evitaranse as condutas, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que impliquen discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos pola lei. Criterio: aplicar o establecido no plan de igualdade do CPI Plurilingüe de Castroverde.

5. A consellería con competencias en materia de educación promoverá medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan fortalecer o seu espírito emprendedor e a súa iniciativa empresarial en base a competencias como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza e a súa iniciativa empresarial. sentido crítico. Criterio: desenvolverase a través de materias como economía, dos proxectos que se organicen e das actividades complementarias como excursións que organice o alumnado.

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

No CPI Plurilingüe de Castroverde defendemos múltiples prácticas educativas que teñen a finalidade de superar as desigualdades e manter altas expectativas con respecto a totalidade do alumnado apostando por unha verdadeira inclusión educativa.

Aplicanse na aula actuacións como:

- Grupos interactivos formados por equipos heteroxéneos onde non se saca da aula ao alumnado con máis dificultades senón que voluntariado ou outro profesorado axuda a que o alumnado acadе niveis de desenvolvemento que sen esa axuda e a interacción entre iguais non serían posibles.
- Tertulias Dialóxicas onde todas as opinións se teñen en conta e se achega á totalidade do alumnado a ciencia e culturas universais.
- Apadriñamentos científicos e lectores, onde o alumnado de cursos superiores titoriza a alumnado de cursos inferiores en actividades relacionadas coa lectura ou co investigacións e prácticas de laboratorio.
- Formación compartida coas familias, ben en actividades específicas propostas por elas mesmas o participando nas que se organizan para o profesorado.
- Docencia compartida: sempre que sexa posible ter un segundo profesor ou profesora dentro da mesma aula. Todo tipo de reforzos se realizan dentro da propia clase.
- Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA): adáptase o contexto, os materiais, as linguaxes mantendo altas expectativas para todos os alumnos e todas as alumnas
- Educación emocional de calidade, procurando aprender a xestionar os sentimentos, recoñecer as emocións e dotando ao alumnado de estratexias para a resolución pacífica de conflitos.
- Excelencia inclusiva, polo que as actividades previstas para o alumnado de altas capacidades ou con especial talento e interese estarán abertas a participación da totalidade dos nenos e nenas e incluso se promoverán actividades interactivas entre grupos de alumnado heteroxéneos.
- Apostar fortemente polo Plurilingüismo dedicando recursos organizativos e proxectos que se desenvolven de forma coordinda coa para mellorar o nivel de linguas estranxeiras entre o alumnado.
- Formación Dialóxica do profesorado: formación continua para o profesorado deseñada cada curso polo equipo de formación do profesorado.
- Promoverase o uso crítico das tecnoloxías da información e da comunicación. A partir de 5º de primaria e ata 4º de ESO todos os cursos o CPIP de Castroverde participa no proxecto EDIXGAL.
- Creatividade: a participación en diferentes proxectos pretende desenvolver a creatividade do alumnado.
- TIC, TAC e TEP: o uso das tecnoloxías ten como principal obxectivo a mellora do nivel de coñecementos e o desenvolvemento da personalidade individual de cada alumno ou alumna, dando prioridade a educación emocional e ao equilibrio persoal no mundo dixital.

#### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Consideramos enriquecedor para o alumnado a alfabetización múltiple, usando diversos soportes para transmitir a información (libros en papel, apuntes, contidos EDIXGAL, contidos de elaboración propia,...). Do mesmo xeito as producións do alumnado intentarase que sexan o máis diversificadas posible; poden ser orais, escritas, en soportes tradicionais e tamén soportes dixitais como actividades da aula virtual, de EDIXGAL, presentación, vídeos,...

Os materiais e recursos didácticos deberán respectar os valores humanos e prestarase especial atención para que



non fomenten valores racistas nin sexistas. Tamén que fomenten a xustiza, a paz, a igualdade, o feminismo e a prevención do maltrato. Adaptaranse os materiais ás necesidades de cada alumno e cada alumna seguindo os principios do Deseño Universal da Aprendizaxe pero procurando non rebaixar expectativas, adaptando o contexto e a forma de organización da aula as necesidades individuais do alumnado.

Optimizarase o uso da biblioteca e da aula de Polos Creativos para a aprendizaxe do alumnado.

Os materiais serán accesibles para a totalidade do alumnado garantindo a inclusión e a igualdade de oportunidades.

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

O CPI Plurilingüe de Castroverde oferta ensinanzas de infantil, primaria e secundaria.

En 3º de ESO a materia optativa seleccionárase entre as seguintes:

- Cultura Clásica.
- Educación Dixital.
- Oratoria.
- Segunda Lingua Extranxeira.

As materias de opción de 4º de ESO seleccionáranse de entre as seguintes:

- Bioloxía e Xeoloxía.
- Dixitalización.
- Economía e Emprendemento.
- Expresión Artística.
- Física e Química.
- Formación e Orientación Persoal e Profesional.
- Música.
- Latín.
- Segunda Lingua Extranxeira.
- Tecnoloxía.

A materia optativa de 4º seleccionárase de entre as seguintes:

- Cultura Clásica, se non foi cursada en 3º
- Filosofía.
- Oratoria, se non foi cursada en 3º.
- Segunda Lingua Extranxeira.
- Unha materia de opción non cursada.

En cuarto de ESO poderanse recomendar itinerarios ao alumnado coherentes coas súas orientacións académicas dentro das posibilidades por número mínimo de alumnado dun centro rural.

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Establécense como criterios xerais para o deseño e realización das actividades complementarias os seguintes:

- a) Que os obxectivos da actividade estean integrados nas diferentes programacións didácticas.
- b) Que estean programadas ao comezo do curso, e en todo caso fosen aprobadas polo Consello Escolar. O profesorado informará ao alumnado e aos pais e nais das actividades complementarias a realizar, sendo preceptivo un documento de autorización para acreditar que están debidamente informados se a actividade se realiza fóra do recinto escolar.
- c) Haberá distintos tipos de grupos, segundo as características da actividade, establecendo actividades xerais do centro, por nivel, ciclo, curso ou departamento.
- d) Polos obxectivos propostos e no caso de actividades que favorezan o desenvolvemento das competencias clave, procurarase que todas as actividades programadas sexan inclusivas e nunca impidan a participación da totalidade do alumnado.

As actividades extraescolares que organice o Concello. a ANPA ou o Club polideportivo Castroverde deben respectar os valores e os elementos transversais establecidos na lexilación para as diferentes etapas educativas.



## **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O Departamento de Orientación facilitará o modelo para o plan de reforzo, que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

Seguindo o exposto na Orde do 8 de Setembro de 2021, Artigo 51, o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar incluirá:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. O alumnado terá opción de acudir a probas específicas que se realizarán no mes de maio que non serán obrigatorias no caso de que fosen xa previamente avaliados os coñecementos mediante as probas e traballos que se propoñen durante cada trimestre. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

## **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

A repetición de curso será excepcional. En caso de ter que producirse, para o deseño dos plans específicos de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, teranse en conta:

- a) Consello Orientador
- b) Expediente electrónico en XADE
- c) Informes do Dpto. Orientación
- d) Resultados da Avaliación Inicial

Para este alumnado valorarase:

- Asistencia a reforzos (apoio na aula ou agrupamentos flexibles)
- Proposta de atención por parte do Programa de Acompañamiento (PROA+)

Os plans específicos de reforzo propoñerán medidas adecuadas a

cada alumno ou alumna incluíndo adaptación curricular non significativa (reforzo educativo) nas materias que o precisen ou, de ser o caso, adaptación curricular se xa se esgotaron as outras medidas ordinarias.

Co alumnado repetidor realizaranse entrevistas coas familias nas que se acordarán compromisos educativos.

#### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

No CPI Plurilingüe de Castroverde no referente a avaliación, promoción e titulación seguirase o establecido con carácter xeral na lexislación vixente para cada unha das etapas educativas, sen engadir condicións propias do centro educativo.

A normativa de referencia é a seguinte:

Educación INFANTIL:

- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan INSTRUCIÓNS para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

- Real Decreto 95/2022 polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.

- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o CURRÍCULO da educación infantil en Galicia.

- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

- Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria en Galicia.

- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

- Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional. (Derrogado capítulo II)

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Derrogados os artigos 2, 3 e 6).

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan INSTRUCIÓNS para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación

secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

- Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.
- DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta.
- Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

#### AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá, entre outras, as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes do curso anterior.
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

#### CARÁCTER DA AVALIACIÓN

1. A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente.

2. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

3. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

#### ATENCIÓN ÁS DIFERENCIAS INDIVIDUAIS NA AVALIACIÓN

1. Os centros aplicarán as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

2. Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

3. Cando as circunstancias persoais da alumna ou do alumno con necesidades educativas especiais o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.

#### AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

3. A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

4. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o

proceso educativo.

5. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

#### PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

#### AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

4. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

5. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos anexos II e III do Decreto 157/2022.

6. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

#### PROMOCIÓN

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou tenza avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamen todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular a que se refire o artigo 22, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con tantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

6. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1.

8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que isto favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

#### TITULACIÓN

Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso



anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamen todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
  - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.
- Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.
3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.
  4. As alumnas e os alumnos recibiran, ao concluíren a suá escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.
  5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obtenza o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.
  6. De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

#### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Alumnado que finaliza 4º de ESO :

Matrícula de honra en educación secundaria A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de ESO e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establece o seguinte:

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Os criterios para a concesión de mención de matrícula de honra ao alumnado no CPI Plurilingüe de Castroverde son os seguintes:

Outorgarase en 4º de ESO matrícula de honra ao alumno ou alumna coa máxima cualificación nas nota media na ESO expresada con dúas cifras decimais (de entre os que superen o 9 de nota media). No caso de producirse empate na nota media outorgarase ao alumno ou alumna con mellor nota media na avaliación final de 4º de ESO. Se segue producíndose empate revisarase a nota media de 3º de ESO, revisando as cualificacións de cursos inferiores de persistir o empate. No caso de que por número de alumnado se dese a circunstancia de que se puidese conceder máis dunha matrícula de honra, a segunda matrícula de honra corresponderá ao seguinte alumno ou alumna coa máxima nota media na etapa de secundaria. En caso de empate na nota media outorgarase ao alumno ou alumna con mellor nota media na avaliación final de 4º de ESO. Se segue producíndose empate revisarase a nota media de 3º de ESO e sucesivos ata 1º de ESO.

Mención honorífica en 6º de Educación Primaria no curso 2022/23 (LOMCE):

Os equipos docentes poderán propoñer a concesión dunha mención honorífica aos alumnos e alumnas que teñan superadas todas as áreas da etapa e obtivesen notas destacadas ao final da educación primaria nunha ou varias áreas e que acrediten un excelente rendemento académico.

No CPI Plurilingüe de Castroverde outorgarase a mención honorífica ao alumnado que teña a nota media máis alta no

grupo do 6º curso de educación primaria, sempre que:

1. Teña sobresaliente nalgunha materia.
2. Superase todas as materias.
3. Que a xuízo do equipo docente merece unha distinción pola súa dedicación e resultados. O equipo docente pode acordar non conceder ningunha mención honorífica.

## **I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

As programacións didácticas constarán dos seguintes apartados:

- a1. Introducción
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias
3. Unidades didácticas
  - 3.1. Relación de unidades didácticas
  - 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas
  - 3.3. Avaliación das unidades didácticas
4. Metodoloxía
  - 4.1. Concrecións metodolóxicas
  - 4.2. Materiais e recursos didácticos
5. Avaliación
  - 5.1. Procedemento para a avaliación inicial
  - 5.2. Criterios de cualificación e recuperación
  - 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
6. Medidas de atención á diversidade
7. Elementos transversais e actividades complementarias.
  - 7.1. Concreción dos elementos transversais
  - 7.2. Actividades complementarias
8. Proceso de ensino e práctica docente
  - 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro
  - 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora
9. Outros apartados
10. Anexo. Información docente.
  - 10.1. Distribución CA por UD (por OBX)
  - 10.2. Distribución CA por UD (por Bloque)
  - 10.3. Orientacións pedagóxicas: Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

O resumo para alumnado e familias ou ben consta dos mesmos apartados que a programación didáctica completa ou ben ten os seguintes:

1. Introducción.
2. Obxectivos e Competencias.
3. Unidades didácticas.
4. Metodoloxía.
5. Avaliación.
6. Atención á diversidade.
7. Transversais.
8. Práctica docente.

## **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

A participación do centro en proxectos, plans ou programas decidírase en función das necesidades e beneficios que poidan supoñer para a formación integral do alumnado. As actividades propostas nos proxectos deben ser inclusivas, respectar os dereitos humanos e os valores do centro educativo

Estarán aprobadas e coordinadas polo equipo directivo e, habitualmente, tamén polo Claustro de Profesores e do Consello Escolar. Sempre que sexa posible planifícanse desde o comezo de curso e, inclúense, na Programación Xeral Anual do Centro.



## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A avaliación da concreción curricular realizarase por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica e Claustro Escolar que propoñerán a súa revisión e modificación.

A concreción curricular revisarase e modificarase sempre que:

- Se considere conveniente por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica e Claustro para mellorar e actualizar os diferentes apartados.
- Sexa necesario por cambios na normativa vixente.
- Por suxestión da administración educativa.
- Por ter que adecuar os apartados a aplicación informática proposta pola Consellería.

## **o) Outros apartados**

### **1. Modelo educativo do CPI Plurilingüe de Castroverde**

No CPI Plurilingüe de Castroverde aplícase o modelo educativo de Comunidades de Aprendizaxe que está baseado no diálogo, na igualdade de oportunidades e en que todas as persoas aporten coñecemento dende as súas experiencias.

Aplicamos tamén o Deseño Universal da Aprendizaxe adaptando o contexto ás circunstancias do alumnado.

A inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e a xustiza social guiarán a práctica educativa.